



Proxecto de Decreto X/2022, do x de xxx, polo que se regula a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e se aproban os seus Estatutos

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) créase pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1 b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, en virtude do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

A Lei 5/2000, do 28 de decembro, configura a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e na coordinación do desenvolvemento rural galego, para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio.

En desenvolvemento desa lei aprobouse o regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, mediante o Decreto 79/2001, do 6 de abril.

Coa finalidade de racionalizar e mellorar a coordinación das actuacións da administración autonómica en materia de desenvolvemento rural, a Lei 5/2000, do 28 de decembro, a modificouse mediante a Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifican a Lei 7/1996, do 10 de xullo, de



desenvolvemento comarcal de Galicia, e a Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, e se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural.

Ese mesmo espírito de reorganización e xestión responsable está presente nas seguintes normas:

A Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que modifica a Lei 5/2000 e regula a disolución da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e da Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia, así como a subrogación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural nos dereitos e nas obrigas de ambas entidades e a adscrición a esta dos medios materiais e persoais daquelas, e mais a extinción das fundacións para o desenvolvemento das comarcas de Galicia, pola imposibilidade de realizar o fin fundacional.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, prevé na disposición transitoria terceira que a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural sexa, por razón do seu cargo, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.

A Lei 11/ 2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que prevé para a axencia novas funcións e a dota de novos órganos para atendelas axeitadamente.

Pola súa banda, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (en adiante, a LOFAXGA), regula por primeira vez, de modo



conxunto, estruturado e ordenado a organización e o réxime xurídico da Administración autonómica e das entidades que integran o sector público autonómico.

Así, a LOFAXGA regula, xunto á Administración xeral da Comunidade Autónoma, dúas categorías de entidades instrumentais: as entidades públicas instrumentais (organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais e consorcios) e outras entidades instrumentais integrantes do sector público (sociedades mercantís públicas e fundacións do sector público). A lei regula as características esenciais de cada tipo de entidade, así como as peculiaridades do seu réxime e dota á Comunidade Autónoma dun marco normativo completo.

Neste marco normativo, a LOFAXGA establece a necesidade de que se adapten aos novos tipos de entidades instrumentais todas as entidades instrumentais con personalidade xurídica propia creadas por lei antes da súa entrada en vigor, que contaban con distintos réximes de organización e funcionamento.

En concreto, a disposición transitoria terceira da LOFAXGA establece que as normas de organización e funcionamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural deberán adecuarse ao disposto nesa lei para as axencias públicas autonómicas. En consecuencia, mediante este decreto acométese esa adecuación e dáse cumprimento ao previsto no artigo 54.5 da devandita lei.

Debe sinalarse que tamén a propia LOFAXGA prevé no artigo 46.3 que a creación de novas entidades instrumentais non pode supor, en ningún



caso, unha duplicación dos servizos públicos que xa sexan prestados pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que a adaptación normativa que se aborda neste decreto debe ir acompañada das previsións necesarias para suprimir ou restrinxir debidamente a competencia doutros órganos preexistentes.

No marco do III Plan de avaliación de entidades do sector público autonómico de Galicia, incluíuse como unha das súas recomendacións que o ente de dereito público Agader se constitúa como unha axencia pública autonómica, refundindo as actuais estruturas organizativas, servizos, programas, recursos patrimoniais, económicos, materiais e humanos do dito ente e mais da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. Por elo, neste decreto tamén se atende á citada recomendación.

No Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, que se encontra actualmente en tramitación, xa se contempla esta modificación, e téndoa en consideración prevese a transitoriedade da regulación que contén o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, no relativo á adscrición, competencias, estrutura e funcións da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural e da subdirección e servizos competentes nesa materia existentes na consellería ata a aprobación duns novos estatutos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Isto en coherencia coa esixencia de adaptar as normas reguladoras do dito ente de dereito público ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia para as axencias públicas autonómicas, e conforme coa conseguinte adscrición á axencia dos órganos e unidades desa dirección xeral e dos servizos territoriais competentes en materia de infraestruturas agrarias. Todo isto esixe, polo tanto, a aprobación duns estatutos, que se



aborda con este decreto.

Ademais, este decreto axústase ao disposto no Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción.

Este decreto consta dun artigo único, que indica o obxecto da norma, de doce disposicións adicionais, cinco transitorias, unha derogatoria e dúas derradeiras.

Cómpre salientar que, consonte co mandato de concentración de funcións contido no artigo 46.3 e na disposición transitoria terceira da LOFAXGA, a disposición adicional terceira do anteproxecto de decreto prevé a concentración na axencia das funcións previstas na normativa en materia de desenvolvemento rural e de mobilidade de terras.

Os estatutos da axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural incorpóranse ao decreto como anexo e estrutúranse en 49 artigos agrupados en nove capítulos.

O capítulo I recolle as disposicións xerais, con referencia á natureza da axencia como unha entidade pública instrumental das previstas no título III da LOFAXGA, ao seu réxime xurídico e normativa de aplicación, á condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da comunidade autónoma, aos seus principios básicos de actuación e ás funcións que desenvolve.

O capítulo II regula da organización da axencia. Estrutúrase en cinco seccións:



a primeira regula os órganos de goberno (a Presidencia e o Consello Reitor); a segunda, o órgano executivo (a Dirección); a terceira, os órganos consultivos da axencia (o Consello Asesor, o Consello de Xestión da Terra Agroforestal e a Comisión Técnica de Prezos e Valores); a cuarta contén a estrutura administrativa, con referencia ás unidades administrativas e as correspondentes funcións; e, finalmente, a sección quinta regula a Comisión de Control e Seguimento.

O capítulo III regula o contrato plurianual de xestión e o plan de acción anual da axencia.

O capítulo IV regula o réxime do persoal da axencia, con referencia aos procedementos de selección e aos mecanismos de ordenación dos postos de traballo.

O capítulo V recolle o réxime patrimonial e de contratación da axencia.

O capítulo VI regula os actos da axencia, a competencia para ditalos e o réxime de recursos que procede contra eles.

O capítulo VII contén o réxime económico- financeiro e orzamentario, con referencia aos ingresos, ao orzamento, ao réxime de contabilidade e aos mecanismos de control da xestión económica- financeira.

O capítulo VIII regula a modificación dos estatutos.

E, finalmente, o capítulo IX refírese á extinción da axencia.



Na súa virtude, por iniciativa da Consellería do Medio Rural, e por proposta da persoa titular da consellería competente en materia de facenda e administración pública, de acordo co Consello Consultivo/oído o Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta, na súa reunión do día ... de ... de ... ,

DISPOÑO:

Artigo único. Obxecto

1. Este decreto ten por obxecto, en virtude do previsto na disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia:

- a) A adaptación das normas reguladoras do ente de dereito público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, para as axencias públicas autonómicas, mediante a aprobación dos estatutos que forman parte deste decreto como anexo.
- b) A constitución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como axencia pública autonómica.
- c) A adscrición de órganos e unidades administrativas da Consellería do Medio Rural á axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

2. A adaptación do ente de dereito público Axencia Galega de



Desenvolvemento Rural como axencia pública autonómica non supón variación da súa denominación.

Disposición adicional primeira. *Constitución e posta en funcionamento de Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como axencia pública autonómica*

1. A constitución da axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural producirase coa celebración da sesión constitutiva do seu Consello Reitor, que terá lugar dentro do prazo de tres meses dende a entrada en vigor deste decreto, data esta última a partir da cal se realizarán todas as actuacións conducentes á súa adaptación organizativa e de funcionamento.
2. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural subrógase en todas as relacións xurídicas, os bens, os dereitos e as obrigas do ente de dereito público Agader, asumindo as súas competencias e funcións legalmente atribuídas.

Disposición adicional segunda. *Adscrición de órganos e unidades administrativas do ente de dereito público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural*

1. Quedarán adscritas á axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no momento da súa constitución, os órganos e as unidades administrativas previstos no cadro de persoal do ente de dereito público Agader que se transforma, que desenvolvan tarefas inherentes ás competencias asumidas pola axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.



2. A adscrición efectuarase aos órganos da estrutura orgánica previstos nos estatutos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, segundo se dispoña por resolución da Presidencia dela no momento da súa constitución.

3. As persoas titulares das subdireccións e das áreas do ente de dereito público Agader poderán continuar, de ser o caso, como titulares das áreas e departamentos, respectivamente, da axencia mediante resolución da Presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, sempre e cando se respecten os requisitos establecidos para a praza correspondente e o sistema de provisión de postos normativamente establecido.

Disposición adicional terceira. *Concentración de funcións*

As competencias atribuídas pola normativa sectorial vixente en materia de desenvolvemento rural e mobilidade de terras aos servizos territoriais competentes en materia de desenvolvemento rural e mobilidade de terras, ao órgano de dirección e á consellería competente nesas materias, quedan atribuídas aos órganos de estrutura da axencia.

Disposición adicional cuarta. *Incorporación do persoal laboral fixo do ente de dereito público Agader*

1. A axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural subrogarase nos contratos do persoal laboral fixo do ente de dereito público Agader que preste servizos na data de constitución da axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

2. O persoal laboral fixo que se incorpore á axencia poderá integrarse



como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, previa tramitación do procedemento de integración previsto no Título II do Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación e extinción, sempre que cumpran os requisitos previstos no dito decreto.

3. O procedemento de integración do persoal laboral fixo do ente de dereito público Agader iniciárase por proposta da Consellería do Medio Rural no prazo dos tres meses seguintes á constitución da axencia.

4. Este persoal integrarase funcionalmente na organización do traballo da axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Disposición adicional quinta. Incorporación do persoal indefinido non fixo e temporal do ente de dereito público Agader

1. O persoal laboral de carácter temporal e indefinido non fixo do ente de dereito público Agader pasará a ocupar postos de traballo da axencia co mesmo réxime e condicións que tiña no mencionado ente e co recoñecemento dos servizos prestados para os efectos da antigüidade, ata que as súas prazas se provexan polos sistemas regulamentarios consonte á normativa de Función Pública, e sen prexuízo das causas de extinción da relación laboral previstas na lexislación sectorial.

2. Este persoal integrarase funcionalmente na organización do traballo da axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Disposición adicional sexta. Asunción de funcións e competencias en materia



de desenvolvemento rural

1. A axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural asumirá dende a súa constitución as funcións e competencias atribuídas á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e ás xefaturas do Servizo de Infraestruturas Agrarias das Xefaturas Territoriais da Consellería do Medio Rural polo Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

2. A axencia subrogarase en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas derivados do exercicio das ditas competencias.

Disposición adicional sétima. Adscripción de órganos e unidades da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e dos servizos territoriais de Infraestruturas Agrarias

1. Por resolución da Presidencia da axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quedarán adscritos a esta, no momento da súa constitución, os órganos e as unidades administrativas da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e os servizos territoriais de Infraestruturas Agrarias previstos na relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural.

2. A adscripción efectuarase aos órganos e unidades da estrutura orgánica previstos nos estatutos da axencia pública autonómica Axencia Galega de



Desenvolvemento Rural segundo se dispoña por resolución da Presidencia dela.

3. Estas unidades continuarán subsistentes e serán retribuídas con cargo aos créditos orzamentarios da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural ata que se aprobe a relación de postos de traballo correspondente á axencia pública autonómica Agader, adaptada á estrutura orgánica establecida nestes estatutos.

4. As persoas titulares da subdirección xeral e das xefaturas de servizo da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural poderán continuar, de ser o caso, como titulares das áreas e departamentos, respectivamente, da axencia mediante resolución da Presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, sempre e cando se respecten os requisitos establecidos para a praza correspondente e o sistema de provisión de postos que de xeito normativo estea establecido.

Disposición adicional oitava. *Adscripción de persoal da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e das xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural*

1. O persoal funcionario de carreira e o persoal laboral fixo que ocupe postos de traballo que se adscriben á axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pasará a desempeñar as súas funcións nesa axencia, co mesmo réxime e nas mesmas condicións que tiñan cando dependían da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e das xefaturas dos servizos de Infraestruturas Agrarias das xefaturas territoriais, con efectos desde a constitución da citada axencia.

2. O persoal interino, o persoal laboral temporal e o persoal indefinido non



fixo que se adscriben á axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural no momento da súa entrada en funcionamento, pasará a desenvolver as súas funcións na axencia, co mesmo réxime e nas mesmas condicións que tiñan cando os órganos dependían da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e das xefaturas dos servizos de Infraestruturas Agrarias das xefaturas territoriais, e baixo o mesmo vínculo temporal, con efectos dende a constitución da citada axencia.

3. Este persoal integrarase funcionalmente na organización do traballo da axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e dependendo dos órganos da súa estrutura, segundo se determine por resolución da Presidencia desta.

Disposición adicional novena. *Primeiro contrato plurianual de xestión*

O Consello Reitor da axencia, no prazo de tres meses seguintes á súa constitución, aprobará a proposta do primeiro contrato plurianual de xestión da axencia ou ben ratificará e validará o contrato plurianual de xestión vixente no momento da constitución da axencia.

Disposición adicional décima. *Adscripción de bens*

1. Queda adscrita á axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a terceira planta do edificio administrativo situado no lugar da Barcia, nº 56, Laraño, de Santiago de Compostela, ocupada polo ente de dereito público Agader.



2. Tamén quedan adscritos á axencia os bens que na data da súa posta en funcionamento se encontren, por calquera título, afectos ao desenvolvemento das súas competencias, sen necesidade de declaración expresa.

Disposición adicional décimo primeira. *Referencias normativas*

As mencións que a normativa vixente realiza ao ente de dereito público Agader, á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e aos servizos territoriais de Infraestruturas Agrarias entenderanse realizadas á axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e aos seus departamentos territoriais.

Disposición adicional décimo segunda. *Perspectiva e igualdade de xénero*

No exercicio das funcións establecidas neste decreto, así como no funcionamento da axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, terase en conta a perspectiva de xénero e o principio de igualdade entre mulleres e homes, así como o cumprimento efectivo do establecido no Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, que aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Disposición transitoria primeira. *Exercicio de competencias polos servizos comúns da Consellería do Medio Rural*

Os servizos competentes en materia de persoal, asuntos xerais, patrimonio, nóminas, xestión económica e habilitación, parque móbil e xurídico-administrativo da Consellería do Medio Rural continuarán



exercendo, en relación coa axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, as competencias que tiñan atribuídas respecto á Dirección xeral de Desenvolvemento Rural e aos servizos territoriais de Infraestruturas Agrarias ata que a axencia dispoña dos servizos propios suficientes para acadar a súa autonomía.

Disposición transitoria segunda. *Órganos de goberno e executivos do ente de dereito público Agader*

1. O Consello de Dirección do ente de dereito público Agader exercerá as súas funcións ata que se constitúa o Consello Reitor da axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
2. A persoa titular da Dirección Xeral do ente de dereito público Agader exercerá as funcións correspondentes á Dirección da axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, mentres non se nomee a unha persoa como titular da Dirección da axencia pública autonómica.
3. Os/as membros do Consello Asesor do ente de dereito público Agader exercerán as funcións dos membros do Consello Asesor da axencia, ata que se produzan os novos nomeamentos.

Disposición transitoria terceira. *Delegacións de funcións e competencias*

As delegacións de funcións do Consello de Dirección e da Presidencia do ente de dereito público Agader nas persoas titulares da Presidencia e da Dirección Xeral, formalizadas mediante as resolucións do 24 de xullo de 2013 (*DOG* nº 148, do 5 de agosto), do 30 de xuño de 2020 *DOG* nº 136, do 9 de xullo), e do 26 de xullo de 2021 (*DOG* nº 148, do 4 de agosto), entenderanse feitas a favor



das persoas titulares, respectivamente, da Presidencia e da Dirección da axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, en tanto non as modifique o Consello Reitor ou a persoa titular da Presidencia nin se opoñan ao previsto nos estatutos da axencia.

Disposición transitoria cuarta. *Relación de postos de traballo*

Ata a elaboración e aprobación, logo da negociación coa representación das organizacións sindicais do ámbito da Dirección Xeral da Función Pública, da relación de postos de traballo inicial da axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, manteranse como instrumentos de ordenación dos seus recursos humanos a relación de postos de traballo dos órganos da Consellería do Medio Rural que se adscriben á axencia e o cadro de persoal do ente de dereito público Agader, coas dotacións existentes no momento da posta en funcionamento da nova axencia.

Disposición transitoria quinta. *Réxime transitorio dos procedementos*

Os expedientes iniciados polo ente de dereito público Agader ou polos órganos da Consellería do Medio Rural que se adscriben á axencia, e non resoltos antes da posta en funcionamento desta, resolveraos o órgano competente da axencia pública autonómica Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de acordo coa atribución de competencias establecidas nos seus estatutos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan



ao disposto neste decreto. En particular, quedan expresamente derogadas as seguintes normas:

a) Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

b) Decreto 153/2001, do 29 de xuño, polo que se regula a dotación de medios persoais da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízase a persoa titular da consellería competente en materia de desenvolvemento rural para ditar os actos necesarios para a execución e cumprimento do disposto neste decreto no relativo á organización e materias propias desa consellería.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, ... de ... de

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

Miguel Corgos López-Prado
Conselleiro de Facenda e Administración Pública



ANEXO I

ESTATUTOS DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Natureza e adscrición

1. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a axencia) é unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

2. A axencia está adscrita á consellería competente en materia de medio rural (en adiante, a consellería de adscrición); ten personalidade xurídica, patrimonio e tesouraría propios, autonomía na súa xestión nos termos establecidos por estes estatutos e pola demais normativa que sexa aplicable.

Artigo 2. Natureza e obxectivos da axencia

1. A axencia actúa como instrumento básico de actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia na promoción e na coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, para mellorar as condicións de



vida e evitar o despoboamento dese territorio.

2. Son obxectivos da axencia:

- a) A aposta de xeito estratéxico pola recuperación de terras agrarias abandonadas de Galicia para uso agrícola, gandeiro e forestal.
- b) A posta en valor destas terras agrarias a través de varios eixos fundamentais: a creación de actividade económica no medio rural, a través da protección da capacidade produtiva da terra e o fomento da súa posta en produción; e o impulso dunha planificación da paisaxe agraria que permita a creación de ecosistemas resilientes cunha probada capacidade de recuperación fronte a perturbacións como grandes incendios ou graves riscos fito sanitarios.
- c) O apoio á actividade agrícola e aos ingresos das explotacións agrarias familiares e, nomeadamente, ás mulleres agricultoras, o fomento da aplicación de prácticas agrícolas que contribúan ao mantemento dos ecosistemas e incrementen a capacidade de adaptación ao cambio climático, o fomento da xestión forestal sustentable e activa, e a loita contra a degradación e o abandono dos solos agrarios.
- d) A promoción e xestión do Banco de terras de Galicia, así como das medidas de recuperación e planificación da terra agroforestal.
- e) O exercicio das competencias sobre as estruturas e infraestruturas do medio rural e o regadío.
- f) A promoción da recuperación de asentamentos de poboacións que progresivamente veñan a reducir o problema do despoboamento do rural para facer fronte ao reto demográfico.
- g) A promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, na medida en que facilita a mobilidade e dispoñibilidade de terras e crea unhas condicións de desenvolvemento das iniciativas de



emprendemento agrogandeiro e forestal máis equitativas entre xéneros.

Artigo 3. *Réxime xurídico*

1. A axencia axustará a súa actuación ao establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; na disposición adicional 6ª da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, pola que se crea a axencia; na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; na normativa financeira e orzamentaria da Comunidade Autónoma de Galicia; nos presentes estatutos e nas súas normas de desenvolvemento e, de xeito supletorio, ao previsto nas normas aplicables ás entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

2. O réxime xurídico interno da axencia regúlase polo dereito administrativo e o seu réxime xurídico externo polo dereito privado, agás cando exerza potestades administrativas, caso no que se rexerá polo dereito público. A axencia gozará do tratamento fiscal aplicable á Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4. *Condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia*

1. A axencia ten a condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adxudicadores dela dependentes, polo que está obrigada a realizar os traballos que aquela ou estes lle encomenden, dando especial prioridade aos



que sexan urxentes ou que se lle ordenen como consecuencia das situacións de urxencia que se declaren.

2. As relacións da axencia cos poderes adxudicadores dos que é medio propio e servizo técnico teñen natureza instrumental e non contractual, e articularanse a través de encargos previstos na normativa vixente en materia de contratación, polo que, para todos os efectos, as ditas relacións son de carácter interno, dependente e subordinado. Os encargos retribuiranse mediante tarifas e comportarán a facultade do órgano que as efectúa de ditar instrucións necesarias para a súa execución.

3. A axencia non poderá participar nos procedementos para a adxudicación de contratos convocados polos poderes adxudicadores dos que sexa medio propio e servizo técnico. Sen embargo, cando non concorra ningún licitador poderá encargárselle a execución da actividade obxecto de licitación pública.

Artigo 5. Potestades administrativas e relación con outras administracións públicas

1. Correspóndelle á axencia o exercicio das potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins e funcións, de acordo coa lexislación aplicable e dentro das competencias que estes estatutos e, se é o caso, outras normas lle atribúan.

2. As relacións da axencia cos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das restantes administracións públicas a que dea lugar o exercicio das funcións propias da entidade serán mantidas pola persoa titular da Presidencia da axencia, no marco que estableza o Consello Reitor.



Artigo 6. *Sede*

A axencia ten a súa sede institucional en Santiago de Compostela e conta con dependencias na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Por acordo do Consello Reitor poderanse modificar estas localizacións, abrir novas dependencias ou pechar calquera das existentes.

Artigo 7. *Principios básicos de actuación*

A axencia respectará na súa actuación os principios de xestión transparente por obxectivos; de servizo á cidadanía, ás institucións e á sociedade no seu conxunto; de obxectividade; de eficacia e eficiencia e, especificamente, os seguintes:

- a) Principio de transparencia e participación, entendidos, respectivamente, como a rendición de contas á cidadanía e como o compromiso de consulta e participación dos interesados na realización dos seus traballos.
- b) Principios de autonomía e responsabilidade, entendidos, respectivamente, como a capacidade da axencia de xestionar con autonomía os medios postos ao seu dispor para alcanzar os obxectivos comprometidos, e como a súa disposición a asumir as consecuencias dos resultados alcanzados.



- c) Principios de cooperación interadministrativa e participación institucional, entendidos como a disposición activa a colaborar con outras administracións e institucións.
- d) Principio de calidade e mellora continua, entendido como o compromiso sistemático coa autoavaliación e a utilización de modelos que permitan establecer áreas de mellora.
- e) Principio de incorporación transversal da perspectiva de xénero e da efectiva igualdade de homes e mulleres en toda a actividade da axencia.

Artigo 8. Transparencia na xestión

1. Sen prexuízo das demais obrigas de información á cidadanía establecidas na lexislación vixente e daquelas outras que o órgano de dirección considere oportunas, a axencia publicará na páxina web información actualizada sobre os seguintes aspectos:

- a) O contrato plurianual de xestión da axencia, o plan de acción anual, o informe xeral de actividade e as contas anuais, acompañadas do informe de auditoría de contas.
- b) As redes de coñecemento e intercambio de información que impulse e, de ser o caso, outras que existan no territorio de Galicia.
- c) Os recursos públicos destinados pola Xunta de Galicia ás políticas que desenvolva a axencia e, de ser o caso, condicións e formas de acceso a eles.
- d) Outros recursos públicos ou privados destinados a similares fins e dispoñibles no ámbito de Galicia, dos que a axencia teña coñecemento.
- e) Os procedementos e medios de acceso dos/as interesados/as aos



servizos da axencia e os dereitos que para ese efecto lles correspondan.

2. A publicación dos documentos a que se refire o número anterior debe realizarse segundo o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Artigo 9. *Funcións*

1. Correspóndelle á axencia o desenvolvemento das seguintes funcións:

- a) Diseñar e implementar estratexias e plans integrados para o desenvolvemento e xestión do territorio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados, así como a promoción e xestión dos devanditos plans e programas de desenvolvemento.
- b) Supervisar, coordinar e difundir as políticas e estratexias de desenvolvemento rural aplicables en cada momento.
- c) Diseñar, programar e executar as medidas de recuperación e, en xeral, da xestión da terra agroforestal de Galicia a través dos instrumentos legalmente previstos para tal fin.
- d) Tramitar os procedementos de investigación da propiedade de inmobles de natureza rústica dos que non se teña certeza sobre a súa titularidade, así como a revisión xeométrica e topográfica deses predios no caso de existiren dúbidas sobre a súa configuración e estado.
- e) Articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, destinados a reforzar a base produtiva das áreas rurais,



valorizar os seus recursos e mellorar a calidade de vida dos seus habitantes.

- f) Articular proxectos de xestión de terras agroforestais e de desenvolvemento rural dirixidos directa ou indirectamente a favorecer a prevención e a loita contra os incendios no territorio rural e fronte a pragas e enfermidades.
- g) Promover e fomentar a cooperación entre axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- h) Impulsar a formulación e a aplicación a nivel comarcal de estratexias de desenvolvemento rural integrado, especialmente a través da dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural responsables da súa execución.
- i) Promover o desenvolvemento dos catálogos, mapas e demais soportes documentais previstos na normativa reguladora da terra agraria de Galicia.
- j) Contribuír ao reforzo do tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- k) Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a revitalización do tecido produtivo e a fixación da poboación nas áreas rurais, realizando as actuacións precisas para promover a efectiva igualdade de mulleres e homes, de conformidade co artigo 30 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, de igualdade efectiva de mulleres e homes, e cos artigos 42 e 43 do Decreto legislativo 2/2015, do 2 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.



- l) Xestionar e aplicar as medidas contidas nos programas europeos, nacionais ou rexionais de desenvolvemento rural sustentable, sen prexuízo das competencias que nesta materia teñan outros órganos da administración autonómica.
- m) Xestionar as medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación dos fondos europeos de desenvolvemento rural.
- n) Adquirir, allear, permutar e arrendar predios, edificacións no rural, explotacións agrarias e calquera outro ben e dereito de natureza rústica, coas finalidades e nos termos previstos legalmente.
- o) Intermediar no arrendamento ou compravenda de explotacións co fin de garantir a continuidade daquelas que, pola idade das persoas titulares, por dificultades na xestión ou por outras circunstancias, deixen ou vaian deixar de ser explotadas polos seus titulares.
- p) Desenvolver as directrices da política de desenvolvemento rural e mais da política agraria en materia de mellora e modernización das estruturas e infraestruturas do medio rural, de mobilidade de terras con vocación agraria e de xestión de zonas de regadío.

2. A axencia realizará a coordinación do desenvolvemento rural principalmente a través dos seguintes instrumentos:

- a) As actuacións de fomento.
- b) Os acordos de colaboración con outras unidades da consellería de adscrición, así como con outros departamentos e entidades da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia, con outras administracións ou con suxeitos de dereito privado. Os acordos procurarán consensuar as liñas de axudas, os prazos de presentación de solicitudes e os requisitos esixibles ás persoas beneficiarias das axudas.



CAPÍTULO II

Organización

Sección 1ª. Órganos de goberno

Artigo 10. Órganos de goberno da axencia

1. Os órganos de goberno da axencia son:

- a) A Presidencia.
- b) O Consello Reitor.

2. A designación das persoas titulares e membros dos órganos de goberno da axencia atenderá ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.

Artigo 11. A Presidencia

1. A Presidencia da axencia correspóndelle á persoa titular da consellería de adscrición.

2. A persoa titular da Presidencia ten as seguintes funcións:

- a) Desempeñar a máxima representación institucional da axencia.
- b) Velar pola consecución dos obxectivos asignados á axencia.
- c) Manter as relacións da axencia cos órganos da administración autonómica e das restantes administracións públicas ás que dea lugar



o exercicio das competencias e funcións sinaladas nestes estatutos no marco que estableza o Consello Reitor.

- d) Proporlle ao Consello Reitor as directrices de actuación da axencia e calquera outros asuntos que considere convenientes.
- e) Presidir as sesións do Consello Reitor, ordenar a convocatoria das reunións, fixar a orde do día, dirimir co seu voto os empates e visar as actas e certificados dos acordos do Consello Reitor.
- f) Exercer as funcións delegadas polo Consello Reitor.
- g) Propoñer a adopción das disposicións regulamentarias necesarias para a organización e o funcionamento da axencia.
- h) Resolver os recursos que lle correspondan.
- i) Subscribir convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.
- j) A formalización de contratos de alta dirección.
- k) As demais que se lle atribúan na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, nestes estatutos ou noutras disposicións aplicables, en particular, nas que regulan a estrutura territorial agraria e a recuperación da terra agraria.

3. A persoa titular da Presidencia poderá delegar as funcións propias, de conformidade coa lexislación vixente.

4. O cargo de presidente/a non é un cargo retribuído.

5. A persoa titular da Presidencia, nos supostos de ausencia, vacante, enfermidade ou outra causa xustificada, será substituída pola persoa que designe para o efecto.

Artigo 12. Composición do Consello Reitor



1. O Consello Reitor é o órgano colexiado de goberno da axencia. Estará integrado por un número impar de membros, cun máximo de trece.
2. A Presidencia do Consello Reitor correspóndelle á persoa titular da Presidencia da axencia.
3. A persoa titular da Dirección é membro nato do Consello Reitor.
4. Os/as vogais do Consello Reitor son nomeados/as e separados/as pola persoa titular da consellería de adscrición da axencia.

Deben formar parte do Consello Reitor persoas representantes da Administración autonómica con responsabilidades, polo menos, nas seguintes áreas: facenda, economía, política territorial, administración local, agricultura, medio ambiente, industria, turismo, pesca e emprego.

As persoas representantes serán propostas polas persoas titulares das consellerías competentes nas citadas áreas, de entre os seus órganos superiores e de dirección.

En caso de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os/as vogais serán substituídos, de ser o caso, polas respectivas persoas suplentes, propostos pola mesma persoa ou entidade que tivese proposto aos titulares.

5. A persoa que ocupe a Secretaría do Consello Reitor será designada e nomeada por este de entre o persoal que preste servizos na axencia, por proposta da Dirección, e asistirá ás reunións con voz e sen voto. A convocatoria da sesión constitutiva do Consello Reitor, na que se nomeará a Secretaría, será formalizada pola persoa titular da Dirección e nela constituirase formalmente o Consello Reitor.

O Consello Reitor nomeará a persoa que a substitúa en caso de ausencia, de enfermidade ou, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada.

6. Poderán asistir ás sesións do Consello Reitor as persoas que sexan convocadas pola persoa titular da Presidencia en calidade de expertas cuxo



ditame e/ou asesoramento sexa relevante, en relación coas materias incluídas na orde do día. As persoas titulares das áreas da axencia tamén poden ser convocadas, sen que pola súa participación adquiran a condición de membros dese órgano nin teñan voto na toma de decisións.

7. A pertenza ao Consello Reitor non xera dereitos laborais nin económicos.

Artigo 13. Atribucións do Consello Reitor

1. O Consello Reitor ten as seguintes atribucións:

- a) Aprobar a proposta do contrato de xestión da axencia e a aprobación dos obxectivos, plans de acción anuais e plurianuais da axencia e os criterios cuantitativos e cualitativos de avaliación do cumprimento dos devanditos obxectivos e do grao de eficiencia na xestión, no marco establecido polo contrato de xestión.
- b) Aprobar o anteproxecto de orzamentos anuais e a contracción de obrigas de carácter plurianual dentro dos límites fixados no contrato de xestión.
- c) Realizar o seguimento, a supervisión e o control superiores da actuación da axencia e da xestión da persoa titular da Dirección e a esixencia das responsabilidades que procedan.
- d) Aprobar as contas anuais, acompañadas do informe de auditoría de contas, e, de ser o caso, a distribución do resultado do exercicio, consonte á lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Aprobar un informe xeral anual da actividade correspondente ao ano inmediatamente anterior e cantos extraordinarios considere necesarios sobre a súa xestión, coa valoración dos resultados obtidos e a



consignación das diferencias observadas respecto dos resultados previstos.

- f) As demais que se lle atribúan na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, nestes estatutos ou noutras disposicións aplicables, en particular, nas que regulan a estrutura territorial agraria e a recuperación da terra agraria.

2. Para o adecuado exercicio dos seus cometidos, o Consello Reitor poderá requirir a información necesaria dos órganos directivos e unidades administrativas da axencia.

Artigo 14. Funcionamento do Consello Reitor

1. O funcionamento e o réxime aplicable ao Consello Reitor axustarase ao previsto nas normas reguladoras das axencias públicas autonómicas, aos presentes estatutos e ao establecido na lexislación básica de réxime xurídico das administracións públicas, sen prexuízo das normas internas de que poida dotarse para o seu funcionamento.

2. O Consello Reitor reunirase cando sexa necesario para o desenvolvemento das funcións da axencia e, cando menos, cada tres meses.

3. O Consello Reitor poderá aprobar o seu regulamento de funcionamento interno.

Sección 2ª. Órgano executivo

Artigo 15. A Dirección



1. A Dirección é o órgano executivo da axencia, ao que lle corresponde a súa xestión ordinaria.
2. A persoa titular da Dirección da axencia será nomeada e separada por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellería de adscrición da axencia, entre persoas que reúnan os requisitos de solvencia académica, profesional, técnica ou científica necesarios para o exercicio do cargo e de experiencia acreditada na xestión pública. Terá a consideración de alto cargo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, con rango de director/a xeral.
3. A Dirección ten as seguintes atribucións:
 - a) Proporlle ao Consello Reitor os plans, programas e actuacións da axencia.
 - b) Proporlle ao Consello Reitor a proposta do contrato de xestión da axencia.
 - c) Asumir a representación institucional da axencia cando esta lle sexa encomendada.
 - d) Proporlle ao Consello Reitor os plans de acción anuais e plurianuais da axencia, acompañados da súa memoria explicativa; o informe anual de actividade da axencia; as contas anuais da axencia, acompañadas do informe de auditoría de contas; e mais os criterios cuantitativos e cualitativos de avaliación do cumprimento dos obxectivos da axencia e do grao de eficiencia na xestión, no marco establecido polo contrato de xestión.
 - e) Informar á consellería de adscrición e ás competentes sobre administración pública e sobre facenda acerca da execución e cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión.



- f) Proporlle ao Consello Reitor o anteproxecto de orzamentos anuais da axencia.
- g) Autorizar as modificacións orzamentarias e incorporación do remanente de tesourería non afectado ao orzamento do exercicio seguinte.
- h) Autorizar e dispoñer os gastos, recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos da axencia.
- i) Executar os orzamentos e os plans de acción.
- j) Ordenar a inspección dos departamentos e unidades adscritas á axencia e ditar as instrucións e circulares relativas ao seu funcionamento.
- k) Xestionar a axencia e render contas desta xestión ante o Consello Reitor.
- l) Exercer a xefatura de persoal.
- m) Proporlle ao Consello Reitor a proposta de relación de postos de traballo da axencia.
- n) Propoñerlle de xeito motivado ao Presidente o nomeamento do persoal directivo, de acordo cos criterios de profesionalidade, mérito e capacidade, así como a súa separación.
- o) Formalizar os contratos do persoal laboral da axencia, agás os de alta dirección.
- p) Resolver os recursos que lle correspondan.
- q) Executar as resolucións da Presidencia e os acordos do Consello Reitor e exercer as funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas ou delegadas.



- r) Proponerlles aos órganos de goberno os asuntos que considere convenientes.
 - s) Actuar como órgano de contratación da axencia.
 - t) Aprobar a proposta de relación de postos de traballo da axencia e as súas modificacións.
 - u) Autorizar os contratos laborais de duración determinada.
 - v) Acordar a apertura e o peche de dependencias da axencia.
 - w) Aprobar as propostas de modificación de estatutos e a aprobación das normas de réxime interno.
 - x) Realizar as funcións que non estean expresamente atribuídas aos órganos de goberno da axencia.
 - y) As demais que se lle atribúan na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, nestes estatutos ou noutras disposicións aplicables, en particular, nas que regulan a estrutura territorial agraria e a recuperación da terra agraria.
4. Durante os períodos de vacante da Dirección da Axencia, así como nos casos de ausencia, enfermidade, abstención ou recusación da persoa titular da Dirección da Axencia, as persoas titulares da Xerencia e das áreas da axencia encargaranse, cada unha delas no seu respectivo ámbito funcional, da xestión das funcións que lle corresponden á Dirección.

Sección 3ª. Órganos consultivos

Artigo 16. O Consello Asesor

1. O Consello Asesor é o órgano de consulta e asesoramento da axencia e de



participación, tanto das administracións interesadas como dos axentes socioeconómicos relacionados co desenvolvemento rural de Galicia.

2. O Consello Asesor está composto polos/as seguintes vogais:

- a) Dúas persoas representantes da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nomeadas pola Presidencia da axencia de entre o persoal funcionario con titulación superior.
- b) Tres persoas representantes das corporacións locais, nomeadas pola Presidencia da axencia por proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias.
- c) Dúas persoas representante de cada unha das organizacións profesionais agrarias, nomeadas pola Presidencia da axencia por proposta daquelas.
- d) Tres persoas representantes das asociacións dos propietarios forestais, nomeadas pola Presidencia da axencia por proposta daquelas integrantes do Consello Forestal de Galicia.
- e) Tres persoas, vinculadas a áreas relacionadas co mundo rural, representantes das universidades galegas, nomeadas pola Presidencia da axencia por proposta das universidades.
- f) A persoa titular da Dirección da axencia.

3. A presidencia do Consello Asesor correspóndelle á persoa titular da Presidencia da axencia, que será substituída no caso de ausencia, enfermidade, vacante ou outra causa legal, pola persoa que designe.



4. A Secretaría do Consello Asesor correspóndelle, con voz pero sen voto, á persoa que teña ese cargo no Consello Reitor e será substituída do xeito previsto para o Consello Reitor.

5. O Consello Asesor ten as seguintes funcións:

- a) Asesorar o Consello Reitor sobre as liñas de actuación da axencia e sobre calquera outros asuntos que se lle consulten.
- b) Actuar como órgano de participación, información e consulta dos axentes socioeconómicos do ámbito autonómico no marco da Lei 45/2007, do 13 de decembro, de desenvolvemento sostible do medio rural.
- c) Calquera outra que se lle atribúa expresamente mediante norma ou decisión de órgano competente.

6. O Consello Asesor poderá constituír comisións sectoriais cando o considere necesario para o desenvolvemento das funcións.

Artigo 17. O Consello de Xestión da Terra Agroforestal

O Consello de Xestión da Terra Agroforestal é un órgano consultivo colexiado, adscrito á consellería responsable en materia de medio rural a través da axencia, que se encarga da análise e estudo das vías de coordinación das políticas públicas relativas á xestión das terras agroforestais do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como da xeración de propostas estratéxicas de mellora desta xestión.

Artigo 18. Comisión Técnica de Prezos e Valores



A Comisión Técnica de Prezos e Valores é o órgano colexiado adscrito á consellería responsable en materia de medio rural a través da axencia, encargado de estudar a evolución temporal dos prezos das terras agroforestais e emitir informe sobre os valores dos prezos de referencia da terra agroforestal, o cal servirá de base para a fixación polo Consello Reitor da axencia dos devanditos prezos.

Sección 4ª. Estrutura administrativa

Artigo 19. Estrutura administrativa

A axencia estrutúrase internamente nas seguintes unidades, dependentes da Dirección da axencia:

- a) Xerencia
- b) Área de Coordinación, Planificación e Xestión do Territorio Rural.
- c) Área de Estratexias de Desenvolvemento Rural.
- d) Área de Mobilización e Recuperación da Terra Agraria.
- e) Área de Estruturas e Infraestruturas Agrarias.
- f) Área de Promoción Internacional e Rural Intelixente.

Á fronte de cada unha destas áreas, con nivel orgánico de subdirección xeral, haberá un/ha director/a de área.

Así mesmo, a axencia conta con departamentos territoriais na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.



Artigo 20. *Xerencia*

1. A persoa titular da Xerencia terá rango de subdirector/a e será nomeada pola persoa titular da Presidencia da Axencia de entre persoal funcionario da Xunta de Galicia.
2. Correspóndelle, baixo a dependencia e supervisión da Dirección Xeral da Axencia, as de xestión e administración. Para tal fin, é responsabilidade da Xerencia a administración dos servizos xerais da axencia e dependerán dela os servizos e unidades con competencias sobre:
 - a) Persoal, incluída a xestión da relación dos postos de traballo e o asesoramento ao Consello Reitor na fixación das retribucións, así como a condución das avaliacións periódicas de desempeño e cumprimento de obxectivos.
 - b) Réxime interior da axencia, incluída a coordinación administrativa, mantemento dos servizos comúns, avaliación e xestión da calidade dos aspectos internos de funcionamento da axencia.
 - c) Funcións técnico xurídicas.
 - d) Contratación.
 - e) A xestión económica dos orzamentos, a xestión patrimonial e a contabilidade da axencia, sen prexuízo das funcións encomendadas ao Departamento de Xestión do Banco de Terras respecto da xestión económica e patrimonial dos predios incorporados ao Banco de Terras.



3. Para o exercicio das súas competencias, a Xerencia contará cos seguintes departamentos con nivel orgánico de servizo.

3.1. O Departamento de Xestión Orzamentaria e Asuntos Xerais, que exercerá, baixo a dependencia directa da Xerencia, as seguintes funcións:

- a) A xestión dos expedientes de contratación e de encargos da axencia.
- b) Elaboración e seguimento administrativo dos convenios.
- c) Elaborar o contrato plurianual de xestión e plan de acción anual da axencia.
- d) Velar pola garantía dos sistemas de protección de datos persoais, sendo responsable da custodia destes garantindo a implementación dos sistemas de seguridade recollidos na normativa de aplicación, en particular colaborando na implementación do sistema de protección esixido na xestión de fondos agrícolas europeos.
- e) A xestión do réxime interno da axencia.
- f) Elaborar o anteproxecto anual de orzamentos da axencia e o seguimento e control da xestión orzamentaria.
- g) Xestión dos pagos e ingresos da axencia sen prexuízo das funcións encomendadas a Área de Mobilización e Recuperación da Terra Agraria.
- h) Tesourería.
- i) A xestión dos expedientes de contratación e de encargos da axencia.
- j) Xestión do inventario da axencia e do seu patrimonio, sen prexuízo das funcións encomendadas a Área de Mobilización e Recuperación da Terra Agraria.
- k) Asesoramento a outros departamentos da axencia en materias da



súa competencia.

- l) En xeral, xestionar cantos asuntos lle sexan encomendados, en razón das súas competencias, pola Dirección ou pola Xerencia da axencia.

3.2. O Departamento de Coordinación Administrativa e Persoal, que exercerá, baixo a dependencia directa da Xerencia, as seguintes funcións:

- a) Asesoramento a outras áreas da axencia na elaboración das bases reguladoras de convocatorias.
- b) Adecuación dos procedementos aos instrumentos da Lei 11/2021.
- c) Elaboración dos procedementos internos de actuación administrativa
- d) Realizar a comunicación coa Administración de Xustiza en relación a expedientes xestionados pola axencia e a coordinación neses asuntos coa Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.
- e) Tramitación de queixas e peticións ao Valedor do Pobo.
- f) Publicacións nos diarios oficiais.
- g) Cuestións ligadas ao ámbito das novas disposicións normativas en materia de transparencia ao amparo da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno.
- h) Asistir na preparación das reunións do Consello Reitor e do Consello Asesor, así como na tramitación dos seus acordos.
- i) Asistir na preparación das reunións da Comisión Técnica de Prezos e Valores e do Consello de Xestión da Terra Agroforestal, así como na tramitación dos seus acordos.
- j) Réxime de persoal: Relación de postos de traballo, nóminas, resolución de cuestións derivadas da implantación do réxime de



persoal, réxime disciplinario e demais cuestións relacionadas co persoal.

k) Asesoramento a outros departamentos da axencia sobre materias da súa competencia.

l) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados, en razón das súas competencias, pola Dirección ou pola Xerencia da axencia.

3.3. Departamento de Apoio Xurídico, que exercerá, baixo a dependencia directa da Xerencia, as seguintes funcións:

a) O estudo, tramitación e proposta de resolución dos recursos.

b) Tramitación de reintegros, reclamacións patrimoniais e de expedientes disciplinarios e resolución de procedementos sancionadores nas infraccións cuxa resolución corresponde aos órganos de goberno ou á persoa titular da Dirección.

c) Tramitación de expedientes de revisión de oficio de actos da axencia.

d) Realizar o estudo xurídico-administrativo, informe e elaboración das propostas de resolución en materia de infraestruturas agrarias, reforma das estruturas e recuperación de terras.

e) Asesoramento a outros departamentos da axencia sobre materias da súa competencia.

f) Asegurar a coordinación e a colaboración cos departamentos da axencia e coas unidades da consellería de adscrición nas materias do seu ámbito de actuación.

g) Cantas outras cuestións lle sexan encomendadas pola Xerencia.

Artigo 21. Área de Coordinación, Planificación e Xestión do Territorio Rural

1. Correspóndelle a esta área a coordinación técnica de todas as áreas da



axencia e máis o seguimento global da planificación, programación e actuacións de tódalas áreas da axencia con impacto sobre o territorio rural, así como o seguimento e control das estratexias, programas e proxectos de dinamización do medio rural levados a cabo pola axencia.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións a Área de Coordinación, Planificación e Xestión do Territorio Rural contará cos seguintes departamentos con nivel orgánico de servizo:

2.1. Departamento de Coordinación e Planificación, que exercerá baixo a dependencia directa da Área de Coordinación, Planificación e Xestión do Territorio Rural as seguintes funcións:

- a) Programar, formular e realizar o seguimento e avaliación das estratexias, programas e proxectos de planificación integral e dinamización do medio rural
- b) Diseñar e xestionar unha estratexia e un programa de promoción e revitalización socioeconómica e ambiental para o territorio rural galego.
- c) Elaborar e desenvolver os instrumentos de planificación da normativa vixente en materia de recuperación da terra agraria de Galicia.
- d) Colaborar na elaboración de estratexias e plans sectoriais relacionados co desenvolvemento rural que realicen a administración autonómica galega ou outras administracións públicas.
- e) Calquera outra que lle sexa encomendada no ámbito das súas competencias.

2.2. Departamento de Xestión do Territorio Rural, que exercerá baixo a dependencia directa da Área de Coordinación, Planificación e Xestión do Territorio Rural as seguintes funcións:



- a) Levar a cabo as labores de planificación e coordinación das actuacións da axencia con impacto sobre o territorio rural.
- b) Xestionar as medidas contidas nos programas de desenvolvemento rural promovidos pola Administración xeral do Estado.
- c) Propoñer os procedementos de convocatoria, presentación e selección das solicitudes de financiamento de plans, programas e actuacións con cargo aos fondos dedicados á promoción do desenvolvemento rural.
- d) Elaborar e tramitar as bases reguladoras e as convocatorias dos plans, programas e actuacións destinados ao desenvolvemento rural que a axencia xestione directamente, así como xestionar e efectuar o seu seguimento.
- e) Xestionar económica e administrativamente os plans, programas e actuacións do departamento.
- f) Elaborar e xestionar os plans de controis das actuacións desenvolvidas polo departamento.
- g) Calquera outra que lle sexa encomendada pola Dirección da Área.

Artigo 22. Área de Estratexias de Desenvolvemento Rural

1. Correspóndelle a esta área programar e realizar o seguimento e control das estratexias, programas e proxectos de dinamización do medio rural levados a cabo pola axencia coa participación dos grupos de desenvolvemento rural, o apoio e asesoramento que os citados grupos necesiten para o seu funcionamento, e máis as relacións con outros departamentos e institucións no que afecte ao financiamento, o seguimento e o control das ditas accións.



2. Para o desenvolvemento das súas funcións, que exercerá baixo a coordinación técnica da Área de Coordinación, Planificación e Xestión do Territorio Rural, a Área de Estratexias de Desenvolvemento Rural contará co seguinte departamento con nivel orgánico de servizo:

2.1. Departamento de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, que exercerá, baixo a dependencia directa da Área de Estratexias de Desenvolvemento Rural, as seguintes funcións:

- a) Propoñer e xestionar iniciativas de dinamización dos grupos de desenvolvemento rural, así como doutras entidades que desenvolvan programas de desenvolvemento rural ou local.
- b) Elaborar e tramitar as bases reguladoras e as convocatorias dos plans, programas e actuacións que a axencia xestione a través dos grupos de desenvolvemento rural.
- c) Elaborar as directrices dirixidas aos grupos de desenvolvemento rural que faciliten o seguimento e o control do cumprimento dos requisitos legais, financeiros e económicos das accións incluídas nos programas de desenvolvemento rural executados por estes.
- d) Xestionar os programas e verificar os informes de control de elixibilidade elaborados polos grupos de desenvolvemento rural.
- e) Xestionar económica e administrativamente os programas de desenvolvemento rural desenvolvidos a través dos grupos de desenvolvemento rural.
- f) Diseñar as accións formativas para mellorar a eficacia, xestión e coñecementos do persoal e integrantes dos grupos de desenvolvemento rural.
- g) Xestionar as relacións coa Rede Galega de Desenvolvemento Rural e as entidades asociativas dos grupos de desenvolvemento rural.



- h) Diseñar o desenvolvemento planificado dun programa permanente de visitas aos grupos de desenvolvemento rural, tanto relacionadas co seguimento e control como co apoio aos grupos.
- i) Recibir e canalizar as consultas, suxestións e achegas dos grupos de desenvolvemento rural para formular os distintos plans, estratexias e accións que pode formular a axencia ou calquera outro organismo da Xunta de Galicia en materia de desenvolvemento rural.
- j) Calquera outra que lle sexa encomendada pola Dirección da Área.

Artigo 23 Área de Mobilización e Recuperación da Terra Agraria

1. Correspóndelle a esta área a coordinación e a xestión das iniciativas en materia de mobilización, recuperación e loita contra o abandono de terras agrarias, así como o exercicio das funcións que o ordenamento xurídico vencella ao Banco de terras de Galicia.
2. Para o desenvolvemento das súas funcións, que exercerá baixo a coordinación técnica da Área de Coordinación, Planificación e Xestión do Territorio Rural, contará cos seguintes departamentos con nivel orgánico de servizo:
 - 2.1 Departamento de Xestión do Banco de Terras que exercerá, baixo a dependencia directa da Área de Mobilización e Recuperación da Terra Agraria, as seguintes funcións:
 - a) Xestionar o arrendamento de predios incorporados ao Banco de terras de Galicia e todas as actuacións administrativas e patrimoniais derivadas
 - b) Realizar inspeccións de campo dos predios propiedade da axencia e



dos incorporados por terceiros, agás as referidas ás figuras de recuperación.

- c) Tramitar as incidencias nos predios xestionados pola axencia, así como as actuacións en materia de xestión urbanística dos mesmos.
- d) Xestionar os títulos de propiedade dos predios propiedade da axencia así como as cuestións patrimoniais derivadas dos predios propiedade da axencia.
- e) Coadministrar o Sistema de Información de Terras de Galicia (SITEGAL).
- f) Xestionar a incorporación en propiedade ao patrimonio das administracións públicas por fins de interese social .
- g) Realizar estudos relativos á mobilización e a loita contra o abandono de terras agrarias e á situación do mercado de terras, así como desenvolver labores de apoio á planificación e á xestión territorial.
- h) Tramitar os expedientes de pagamentos e ingresos relacionados coas funcións da área e a súa xestión orzamentaria en coordinación co departamento de Xestión Orzamentaria.
- i) Elaborar informes para a Comisión técnica de prezos e valores.
- j) Calquera outra que lle sexa encomendada pola Dirección da Área

2.2. Departamento de Recuperación da Terra Agraria e Loita contra o seu Abandono que exercerá, baixo a dependencia directa da Área de Mobilización e Recuperación da Terra Agraria, as seguintes funcións:

- a) Levar a cabo a coordinación e control de actuacións de investigación da titularidade de predios, a súa revisión xeométrica e topográfica, a actualización de datos catastrais e calquera outro instrumento



eficaz para o desenvolvemento das figuras de recuperación das terras agrarias.

- b) Promover a recuperación das terras agroforestais a través do desenvolvemento dos proxectos e os procedementos e instrumentos recollidos na lexislación vixente para o devandito fin.
- c) Analizar e propoñer o emprazamento de obras, estudos de viabilidade, programas funcionais, memorias e proxectos, así como supervisar tecnicamente a contratación, a xestión, a dirección e a coordinación das obras vencelladas aos instrumentos de recuperación de terras agroforestais previstos no ordenamento xurídico.
- d) Xestionar os rexistros de polígonos agroforestais, de agrupacións agroforestais de xestión conxunta e de aldeas modelo, así como a rede de aldeas modelo de Galicia.
- e) Realizar inspeccións de campo dos predios propiedade da axencia e dos incorporados por terceiros encadrado nas figuras de recuperación.
- f) Co-administrar e xestionar o Sistema de Información de Terras de Galicia (SITEGAL).
- g) Impulsar os servizos de arbitraje, promoción, dinamización, mediación e asesoramento técnico e xurídico para a recuperación de terras agrarias.
- h) Apoiar tecnicamente á área na colaboración coas diferentes administracións públicas e entidades privadas nas diferentes iniciativas que se estimen de interese para a loita contra o abandono de terras agrarias e a promoción da mobilidade.
- i) Calquera outra que lle sexa encomendada pola Dirección da Área



Artigo 24. *Área de Estruturas e Infraestruturas Agrarias*

1. Correspóndenlle a esta área o desenvolvemento das dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestrutura nas áreas rurais, sen prexuízo das competencias doutros departamentos da Xunta de Galicia, as actuacións de modernización e creación de regadíos, así como todos os asuntos referentes á reforma das estruturas agrarias e á preparación, execución e vixilancia dos correspondentes plans, programas, obras e servizos técnicos da axencia en materia de estruturas e infraestruturas agrarias.

2. Para o desenvolvemento destas funcións, que exercerá baixo a coordinación técnica da Área de Coordinación, Planificación e Xestión do Territorio Rural, contará co seguinte departamento con nivel orgánico de servizo:

2.1. Departamento de Proxectos, Obras e Reforma de Estruturas, que exercerá, baixo a dependencia directa da Área de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, as seguintes funcións:

- a) Estudar a planificación, supervisión, coordinación, control da execución e seguimento das obras de todos os proxectos de obras e servizos técnicos da axencia, así como doutros centros directivos e departamentos da consellería de adscrición da axencia, cando llo encomende a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica desta consellería.
- b) Realizar as modificacións e a vixilancia do cumprimento das normas reguladoras de obras e servizos técnicos.
- c) Redactar os proxectos das obras, ou colaborar nesa redacción.
- d) Realizar actuacións relativas á mellora das estruturas rurais, e as



demais actuacións para reestruturar a base territorial das explotacións agrarias.

- e) Realizar accións materiais relacionadas coa modificación das estruturas
- f) Apoiar o desenvolvemento dos instrumentos e procedementos de mobilización e recuperación da terra agraria
- g) Calquera outra que lle sexa encomendada pola Dirección de Área
- Calquera outra que lle sexa encomendada pola Dirección da Área

Artigo 25. Área de Promoción Internacional e Rural Intelixente.

Correspóndelle a esta área o exercicio das seguintes funcións, que exercerá baixo a coordinación técnica da Área de Coordinación, Planificación e Xestión do Territorio Rural:

- a) Propoñer e, de ser o caso, xestionar, realizar o seguimento e coordinar a participación en actuacións, proxectos e investimentos adaptados ás necesidades e potencialidades do medio rural galego, a partir das novas posibilidades de financiación comunitaria, estatal, rexional ou local, dispoñibles en cada momento.
- b) Propoñer actuacións e xestionar proxectos de carácter piloto e innovador e actuacións senlleiras de mellora para o desenvolvemento do medio rural galego.
- c) Xestionar o fomento da dixitalización e da implantación de novas tecnoloxías no medio rural.
- d) Elaborar e desenvolver a estratexia de aldeas intelixentes (Smart Villages).
- e) Elaborar o modelo de plans de dinamización do núcleo rural das



aldeas modelo.

- f) Elaborar e desenvolver actuacións nos núcleos rurais das aldeas modelo. Xestionar medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación de fondos comunitarios con incidencia no medio rural galego.
- g) Elaborar e tramitar as bases reguladoras das axudas e convocatorias relativas aos premios ao desenvolvemento rural de Galicia , así como a súa xestión.
- h) Preparar e xestionar a implantación de proxectos de innovación, modernización tecnolóxica e dixitalización no medio rural, en colaboración cos axentes públicos e privados con competencias nesas materias.
- i) E calquera outra función que lle encomende a Dirección da axencia.

Artigo 26. Departamentos territoriais da axencia

Os departamentos territoriais da axencia, con nivel orgánico de servizo, dependerán organicamente da Xerencia e funcionalmente das áreas da axencia con competencias en cada unha das materias e exercerán, no seus respectivos ámbitos territoriais as funcións encomendadas á axencia. Entre outras, realizarán tarefas relacionadas con:

1. A reestruturación parcelaria, Plan de Infraestruturas Rurais, e regadíos.
2. Os procedementos de investigación da titularidade e declaración de abandono.



3. A posta en marcha dos instrumentos de recuperación da terra agraria de Galicia.
4. A realización de informes sectoriais no marco de procedementos de avaliación ambiental, ordenación urbanística, ordenación do territorio ou de calquera outro procedemento que esixa informe da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Para o exercicio destas funcións en cada departamento territorial diferéncianse as actividades nas seguintes materias: planificación, mobilidade e infraestruturas. Estas actividades desenvolveranse baixo a dependencia funcional das respectivas áreas da axencia, e serán supervisadas polo xefe de servizo de cada departamento territorial da axencia.

Sección 5ª. Comisión de Control e Seguimento

Artigo 27. Composición e réxime de funcionamento da Comisión de Control e Seguimento

1. A Comisión de Control e Seguimento estará composta polos seguintes membros:
 - a) Unha persoa representante da axencia.
 - b) Unha persoa representante da consellería de adscrición da axencia.
 - c) Unha persoa representante da consellería competente en materia de facenda.



- d) Unha persoa representante da consellería competente en materia de avaliación e reforma administrativa.

A presidencia da comisión ostentaraa a persoa representante da consellería que ten competencias en materia de facenda.

A secretaría da comisión será exercida por persoal da axencia designado pola súa Presidencia, que actuará con voz e sen voto e comunicará todas as propostas e acordos, tanto ao Consello Reitor como ás persoas titulares das consellerías representadas na comisión.

2. En ningún caso os/as membros da comisión serán coincidentes cos membros do Consello Reitor.

Os/as membros da comisión serán designados pola persoa titular da Presidencia da axencia ou das consellerías con presenza na comisión, de entre o seu persoal técnico con rango de subdirector/a xeral ou xefe/a de servizo ou equivalente.

3. Sempre que se xustifique debidamente, o Consello Reitor poderá esixir determinados coñecementos como requisito para formar parte da Comisión de control e seguimento.

Os/as membros da comisión poderán asistir cun asesor/a sempre que os asuntos a tratar o xustifiquen.

4. A condición de membro da Comisión de Control e Seguimento, ou a participación na dita comisión, non xerará ningún dereito de retribución.

Artigo 28. Funcións da Comisión de Control e Seguimento



1. As funcións da Comisión de Control e Seguimento son:

- a) Supervisar o procedemento e sistemas de elaboración da información de xestión e a económica e financeira que se someterá ao Consello Reitor. Para tal efecto formulará o marco normalizado de comunicación desta información, analizará os seus resultados e coñecerá os informes de control da xestión económico-financeira emitidos polos órganos de control externo e interno e propoñerá as estratexias encamiñadas a corrixir as deficiencias observadas.
- b) Revisar as contas anuais que deben someterse ao Consello Reitor para a súa formulación de acordo coa normativa aplicable.
- c) Supervisar as memorias e informes da Dirección, nos que se relacione o grao de cumprimento de obxectivos cos sistemas de responsabilidade, carreira profesional e incentivos que debe levar asociados. Neste ámbito, coa periodicidade que decida o Consello Reitor, e cando menos unha vez ao semestre, informará sobre o desenvolvemento e execución do contrato de xestión.
- d) Vixiar o cumprimento das normas orzamentarias na elaboración do orzamento, así como na súa execución a través da análise do estado de execución orzamentaria mensualmente remitido á Comisión de control e seguimento. Neste ámbito emitirá informe sobre as autorizacións de variacións orzamentarias emitidas polo director/a da axencia e coñecerá os acordos de incorporación dos remanentes de tesouraría.
- e) Informar o Consello Reitor sobre os asuntos que este lle solicite.
- f) Aprobar o seu regulamento de réxime interno.

2. Ademais de conter un pronunciamento sobre as cuestións formuladas, os informes emitidos pola comisión poderán conter propostas ou



recomendacións para a súa toma en consideración polo Consello Reitor.

Os informes da Comisión de control e seguimento teñen carácter preceptivo nas materias sinaladas, sen que sexan vinculantes para o Consello Reitor.

3. O funcionamento da comisión axustarase ao disposto no seu regulamento de réxime interno, na normativa reguladora do procedemento administrativo común e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

CAPÍTULO III

O contrato plurianual de xestión e o plan de acción anual

Artigo 29. O contrato plurianual de xestión. Natureza e finalidade

1. O contrato plurianual de xestión é o instrumento que regula a actividade da axencia e as relacións recíprocas entre esta e a Administración Xeral da Comunidade Autónoma no marco da lexislación xeral e específica vixente durante o seu período de aplicación.

2. As propostas dos contratos plurianuais de xestión serán aprobadas e tramitadas polo Consello Reitor no último trimestre do período plurianual de aplicación do último contrato plurianual de xestión vixente.

3. Cada contrato plurianual de xestión aprobarase para períodos de vixencia de catro anos coincidentes cos exercicios orzamentarios.

4. A aprobación final do contrato de xestión terá lugar por acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería de adscrición e das



competentes en materia de administracións públicas e de facenda, nun prazo máximo de tres meses contados desde a data de aprobación, polo Consello Reitor, da correspondente proposta. No caso de non ser aprobado neste prazo, manterá a súa vixencia o contrato de xestión anterior.

Artigo 30. *Contido do contrato plurianual de xestión*

1. O contrato plurianual de xestión debe ter, como mínimo, os seguintes contidos:

- a) O período de vixencia.
- b) Os obxectivos que se persigan, tanto estratéxicos como específicos, e os plans necesarios para acadalos, con especificación dos marcos temporais correspondentes, dos proxectos asociados a cada unha das estratexias e dos seus prazos temporais.
- c) Os resultados que se pretenden obter, como os indicadores para avalialos e o seu escenario plurianual.
- d) O marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos da axencia, que comprenderá a determinación das necesidades de persoal durante a vixencia do contrato, incluíndo a previsión máxima do cadro de persoal; a natureza e características dos postos de traballo da axencia e o seu réxime de retribucións.
- e) A determinación dos recursos persoais, materiais e orzamentarios que a Administración autonómica debe soportar para a consecución dos obxectivos da axencia, así como o seu escenario plurianual.
- f) Os efectos asociados ao grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no que atinxe á esixencia de responsabilidade pola xestión dos órganos executivos e do persoal directivo.
- g) De ser o caso, a contía da masa salarial destinada ao complemento de



produtividade ou concepto equivalente do persoal laboral, segundo o establecido na Lei do emprego público de Galicia, nas leis anuais de orzamentos da Comunidade Autónoma e na demais normativa aplicable a dita materia. Determinará o procedemento para fixar a contía dos complementos de produtividade, que estará vinculada estritamente ao grao de cumprimento dos obxectivos fixados, e para a súa aprobación e aplicación será necesario contar co informe previo favorable dos centros directivos da Administración Autonómica competentes en materia de función pública e de orzamentos.

- h) O procedemento para a cobertura dos déficits económico-orzamentarios anuais que, de ser o caso, se puideren producir por insuficiencia dos ingresos reais respecto dos estimados e as consecuencias de responsabilidade na xestión que, de ser o caso, se deban esixir por tales déficits.
- i) O procedemento para a introdución das modificacións ou adaptacións anuais que, de ser o caso, deban efectuarse no contrato plurianual de xestión vixente.

2. O contrato plurianual de xestión definirá os criterios que permitan esixir aos órganos executivos e ao persoal directivo as correspondentes responsabilidades derivadas da xestión no caso de incumprimento dos obxectivos, e determinará os mecanismos a través dos cales se esixirá a dita responsabilidade.

3. No primeiro trimestre de cada ano, a persoa titular da Dirección da axencia informará, a consellería de adscrición e as competentes nas materias de administracións públicas e de facenda, acerca da execución e do cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión durante o



anterior exercicio anual.

Artigo 31. O Plan de acción anual, o informe de actividade e as contas anuais.

1. O Consello Reitor da axencia, por proposta da Dirección desta, aprobará:
 - a) O plan de acción anual no marco do contrato de xestión e sobre a base dos recursos dispoñibles. O plan de acción anual comprenderá a definición dos obxectivos que se teñen que acadar no exercicio anual ao que se refire, a previsión dos resultados que cómpre obter e os instrumentos de seguimento, control e avaliación aos que se ten que someter a actividade da axencia.
 - b) O informe xeral da actividade correspondente ao ano inmediatamente anterior.
 - c) As contas anuais acompañadas do informe de auditoría de contas.
2. Os documentos aos que se refire o punto anterior serán públicos, e a cidadanía terá dereito de acceso ao seu contido desde a súa aprobación.

CAPÍTULO IV

Réxime de persoal

Artigo 32. Persoal da axencia

1. Sen prexuízo do persoal directivo ao que se refire o artigo 37 destes estatutos, o persoal ao servizo da axencia poderá ser persoal funcionario ou laboral da Xunta de Galicia, de acordo co previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais



integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción.

En todo caso, quédanlle reservadas ao persoal funcionario as funcións que impliquen a participación, directa e indirecta, no exercicio de potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e das administracións públicas, así como aquelas que se determinen na normativa aplicable en materia de emprego público.

2. O persoal empregado público que ocupe postos de traballo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e se incorpore á axencia, ben pola súa adscrición legal ou ben polos procedementos regulamentarios de provisión de postos de traballo, manterá a súa condición de persoal funcionario ou laboral de orixe, de acordo coa lexislación aplicable.

3. O persoal funcionario da axencia réxese pola normativa reguladora da función pública galega e polas súas normas de desenvolvemento.

4. O persoal laboral que preste servizos na axencia rexeráse pola normativa reguladora da función pública e as súas normas de desenvolvemento, polas disposicións do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, polas demais normativa que resulte de aplicación ao persoal laboral ao servizo da administración da Comunidade Autónoma de Galicia e polos propios estatutos desta axencia.

5. O persoal da axencia quedará sometido ao réxime xeral de incompatibilidades aplicable ao persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.



6. Os conceptos retributivos do persoal que presta os seus servizos na axencia son os establecidos na normativa reguladora da función pública de Galicia e dos orzamentos da Comunidade Autónoma.

Artigo 33. Ordenación de postos de traballo

1. Como instrumento de ordenación do seu persoal, a axencia contará cunha relación de postos de traballo.

2. A relación de postos de traballo da axencia contemplará para cada posto os datos requiridos polo artigo 38.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Esta relación será pública e, en todo caso, os postos de nova creación integraranse na oferta de emprego público da Xunta de Galicia ou nos sistemas de provisión de postos de traballo.

3. A proposta de aprobación e modificación da relación de postos de traballo da axencia será acordada polo Consello Reitor da axencia, por proposta da Dirección, logo do informe favorable dos centros directivos da Administración autonómica competentes en materia de orzamentos, de función pública e de avaliación administrativa, logo de negociación coas organizacións sindicais mais representativas da función pública.

4. En todo caso, a aprobación e modificación da relación de postos de traballo corresponderá ao Consello da Xunta e estará sometida na súa tramitación á normativa xeral establecida na Comunidade Autónoma de Galicia sobre modificacións ou aprobacións destes instrumentos de ordenación de persoal.



Artigo 34. Selección do persoal e cobertura de postos

1. Os procesos de selección do persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia destinado na axencia serán realizados polo centro directivo da Administración autonómica competente en materia de función pública e seranlle de aplicación as disposicións da lexislación galega sobre emprego público.

2. A provisión de postos de traballo e a mobilidade do persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia destinado na axencia correspóndelle á consellería competente en materia de función pública, de conformidade cos principios xerais e procedementos de provisión establecidos na normativa de función pública.

Artigo 35. Persoal laboral temporal

1. A axencia poderá celebrar contratos laborais de duración determinada de acordo coa normativa vixente, que en ningún caso darán lugar a contratos indefinidos, logo do informe favorable dos centros directivos da Administración autonómica competentes en materia de función pública e orzamentos.

2. A selección deste persoal realizarase, de acordo coa normativa de función pública que regula a cobertura temporal de postos e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

3. No caso de que se requiran coñecementos técnicos especializados e non existan listas de contratación de persoal laboral ou funcionario coa preparación específica para o seu desempeño, poderá recorrerse á



realización dun procedemento específico de selección do persoal temporal logo do informe favorable das bases do centro directivo da Administración autonómica competente en materia de función pública.

Artigo 36. Condicións de traballo e réxime retributivo.

1. A aprobación dos instrumentos polos que se regulen as condicións de traballo do persoal destinado na axencia, e o seu réxime retributivo, require informe previo e favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública e deberán ser negociadas previamente coas organizacións sindicais representativas no ámbito do emprego público.
2. Os conceptos retributivos do persoal funcionario da axencia son os establecidos na normativa reguladora da función pública de Galicia e dos orzamentos da comunidade autónoma.
3. As condicións retributivas do persoal laboral da axencia serán as establecidas no convenio aplicable e as súas contías fixaranse de acordo co establecido no punto anterior.

Artigo 37. Persoal directivo

1. Será persoal directivo da axencia o que ocupe postos definidos como tales na relación de postos de traballo ou no cadro de persoal autorizados, en atención á especial responsabilidade, competencia técnica e relevancia das tarefas asignadas.
2. O persoal directivo da axencia é nomeado e cesado polo Consello Reitor, logo de proposta motivada da Dirección da axencia. A súa designación



atenderá a principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade e competencia profesional e levarase a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e a concorrência.

3. Cando o persoal directivo da axencia teña a condición de funcionario, permanecerá na situación administrativa que lle corresponda segundo a normativa reguladora da función pública de Galicia.

4. Cando o persoal directivo da axencia teña a condición de persoal laboral estará sometido á relación laboral de carácter especial de alta dirección. Neste caso, a fixación das súas retribucións deberá contar cun informe previo favorable dos centros directivos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma competentes en materia de orzamentos e de función pública.

5. O persoal directivo está suxeito, no desenvolvemento das súas funcións, a avaliación de acordo cos criterios de eficacia, eficiencia e cumprimento da legalidade, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que lle foron fixados.

6. O persoal directivo poderá percibir unha parte da súa retribución como incentivo de rendemento, mediante o complemento correspondente que valore a produtividade, de acordo cos criterios e porcentaxes que estableza o Consello Reitor e de conformidade coa normativa reguladora da función pública de Galicia e co Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico.



CAPÍTULO V

Réxime patrimonial e contratación

Artigo 38. Patrimonio

1. A axencia terá, para o cumprimento dos seus fins, un patrimonio propio, distinto do da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, integrado polo conxunto de bens e dereitos dos que sexa titular.
2. Así mesmo poderán quedar adscritos á axencia para o cumprimento dos seus fins os bens do Patrimonio da Administración Xeral da comunidade autónoma que así se acorde, de conformidade co disposto na normativa reguladora do patrimonio da comunidade autónoma.

Artigo 39. Bens e dereitos propios

1. A axencia poderá adquirir toda clase de bens e dereitos por calquera dos modos admitidos no ordenamento xurídico.
2. A afectación dos bens adquiridos, así como a adquisición e alleamento de bens inmoables ou de dereitos sobre eles, realizarase de acordo co disposto na lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma e, de ser o caso, na lexislación sectorial sobre recuperación da terra agraria.

Artigo 40. Bens adscritos



A adscrición de bens á axencia e a de adscrición deles rexerase pola lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Eses bens conservarán a súa cualificación e titularidade xurídica orixinarias, e corresponderalle á axencia o exercicio das competencias que determina a lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma para os bens adscritos.

Artigo 41. *Contratación*

A contratación da axencia réxese pola normativa básica vixente en materia de contratos do sector público e polas normas de desenvolvemento aprobadas pola Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPÍTULO VI

Actos da axencia

Artigo 42. *Regras e actos da axencia*

1. A axencia ditará as normas internas e actos necesarios para o cumprimento do seu obxecto e para o seu funcionamento, que poderán adoptar a forma de:

- a) Resolucións, instrucións e ordes de servizo da Presidencia e da Dirección da axencia.
- b) Acordos do Consello Reitor.

2. Os actos e resolucións ditados polos órganos de goberno da axencia poñen



fin á vía administrativa e serán susceptibles de impugnación na vía contencioso administrativa, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición.

Os actos administrativos da Dirección da axencia poderán ser recorridos en alzada perante a Presidencia, agás que foran ditados por delegación desta.

3. A competencia para resolver os procedementos de revisión de oficio dos actos administrativos nulos, declarar a lesividade dos anulables e revogar os de gravame ou desfavorables, correspóndelle á persoa titular da consellería de adscrición, respecto dos actos dos órganos de goberno da axencia, e ao Consello Reitor da axencia respecto aos actos ditados polos restantes órganos da axencia.

4. Atribúeselle á persoa titular da consellería de adscrición a resolución das reclamacións de responsabilidade patrimonial.

Artigo 43. Asistencia xurídica

O asesoramento xurídico e a asistencia e defensa letrada da axencia corresponderalle á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, mediante a formalización do oportuno acordo de natureza xurídico-pública, nos termos establecidos na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

CAPÍTULO VII

Réxime económico-financeiro e orzamentario

Artigo 44. Recursos económicos



1. Os recursos económicos da axencia son:

- a) As transferencias consignadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Os ingresos propios que perciba polas actividades que poida realizar en virtude de contratos, convenios ou disposicións legais para outras entidades públicas ou privadas ou persoas físicas, así como os ingresos derivados de indemnizacións e de expropiacións dos seus bens.
- c) O produto do alleamento dos bens e valores que constitúan o seu patrimonio, de acordo co establecido na lexislación.
- d) Os rendementos procedentes dos seus bens, dereitos e valores.
- e) As achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e demais achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.
- f) Os ingresos recibidos de persoas físicas e xurídicas como consecuencia de patrocinio de actividades ou instalacións.
- g) Os demais ingresos de dereito público ou privado que estea autorizada a percibir.
- h) Calquera outro recurso que lle poida ser atribuído conforme ao ordenamento xurídico vixente.

2. A axencia non poderá acudir ao endebedamento a longo prazo, agás que sexa autorizado por unha norma con rango de lei. A lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de cada exercicio autorizará o límite máximo do endebedamento a curto prazo.

Artigo 45. *Orzamento*

1. Os anteproxectos dos orzamentos deberán estar equilibrados e serán aprobados polo Consello Reitor, conforme ao disposto no contrato de xestión e coa estrutura e a documentación establecida pola consellería



competente en materia de facenda. Unha vez aprobado será remitido á consellería de adscrición que, logo do seu exame, achegarallo, xunto co orzamento da propia consellería, á competente en materia de facenda, para a súa integración no anteproxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O orzamento terá carácter limitativo polo seu importe global e estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, agás os correspondentes a gastos de persoal e capital que, en todo caso, teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total.

3. Correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de facenda, por proposta da Dirección da axencia, a autorización das variacións da contía global do orzamento así como as que afecten a gastos de persoal e/ou de capital. A autorización das restantes variacións por riba do inicialmente orzado, mesmo na contía global, cando sexan financiadas con recursos sinalados nas letras b), e), f), e g) do artigo precedente, e se destinen directamente a fins da axencia con dotación orzamentaria, correspóndelle á Dirección da axencia, previo informe favorable da Comisión de control e seguimento, sempre que existan garantías suficientes da súa efectividade e do correspondente equilibrio orzamentario. Con posterioridade darase conta das variacións á consellería competente en materia de facenda.

4. Non se poderán adquirir compromisos de gastos plurianuais que se estendan máis aló de catro exercicios, e o gasto que se lle impute a cada un deles non poderá exceder a cantidade que resulte de lle aplicar ao importe total de cada programa, excluídos o capítulo de persoal e os restantes créditos que teñan carácter vinculante, as seguintes porcentaxes: o 70% no exercicio inmediato seguinte, o 60% no segundo e o 50% nos exercicios terceiro e cuarto.



Porén, o Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de facenda, poderá modificar esas porcentaxes e importes, así como o número de anualidades, en casos especialmente xustificados, por petición da consellería de adscrición.

5. A Dirección da axencia poderá acordar a incorporación do remanente de tesourería non afectado ao orzamento do exercicio seguinte, logo do informe preceptivo e vinculante da dirección xeral competente en materia de orzamentos, que se pronunciará respecto dos seus efectos sobre a estabilidade orzamentaria. Do devandito acordo darase conta á Comisión de control e seguimento.

6. Os déficits derivados do incumprimento das estimacións de ingresos anuais compensaranse na forma prevista no contrato de xestión.

Artigo 46. *Contabilidade*

1. A axencia someterase ao réxime de contabilidade establecido na lexislación de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e aplicará os principios contables contidos nela, para o que contará cun sistema de información económico-financeiro e orzamentario que teña por obxecto mostrar, a través de estados e informes, a imaxe do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento e que, ademais, proporcione información dos custos sobre a súa actividade que sexa suficiente para unha correcta e eficiente adopción de decisións.

2. A axencia contará cun sistema de contabilidade de xestión que permita seguir o cumprimento dos compromisos asumidos no contrato de xestión.



Artigo 47. Control da xestión económico- financeira

1. O control externo da xestión económico- financeira da axencia correspóndelle ao Consello de Contas de Galicia, de acordo coa súa normativa específica.
2. O control interno da actividade económico- financeira da axencia correspóndelle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e realizarase de acordo do disposto na lexislación de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
3. Sen prexuízo do control establecido no número anterior, a axencia estará sometida a un control de eficacia que será exercido, a través do seguimento do contrato de xestión, pola consellería de adscrición. O dito control ten por finalidade comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos e a adecuada utilización dos recursos asignados.

CAPÍTULO VIII

Réxime de modificación dos estatutos

Artigo 48. Modificación dos estatutos da axencia

1. A modificación dos estatutos da axencia levarase a cabo por decreto do Consello da Xunta, por proposta da consellaría de adscrición, logo do informe favorable das consellarías competentes en materia de administracións públicas e de facenda.
2. Cando a modificación proposta afecte os contidos incluídos no ámbito de materias enunciadas no artigo 37 do Estatuto básico do empregado público, será negociada coas organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública.



CAPÍTULO IX

Extinción da axencia

Artigo 49. Extinción da axencia

A extinción da axencia levarase a cabo por decreto do Consello da Xunta, por proposta da consellaría de adscrición, logo do informe favorable das consellarías competentes en materia de administracións públicas e de facenda. As disposicións anteriores determinarán o destino dos bens, dos dereitos e das obrigas da entidade, así como as medidas aplicables ao persoal empregado dela, no marco da lexislación reguladora de cada tipo de persoal.